



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA DUN EPISODIO DE VAGA DE CALOR

DATA DE ENVÍO: 02/09/2026

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: VERMELLO

A Dirección xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, informa dun episodio de **VAGA DE CALOR** a partir de mañá **XOVES 03 de SETEMBRO**, nas seguintes zonas isoclimáticas que atoparanse nos seguintes niveis de alerta:

NIVEL 3 (VERMELLO): PONTEVEDRA (INTERIOR).

NIVEL 2 (LARANXA): A CORUÑA (INTERIOR); LUGO (CENTRO); OURENSE (MONTAÑA).

Segundo Meteogalicia, Galicia quedará entre hoxe mércores e o próximo sábado baixo a influencia dun anticiclón que se localizará no norte da Península Ibérica. Desde esa posición aportará estabilidade, deixando ceos despexados e aproximará aire cálido de orixe noroeste africano o que ocasionará un importante incremento nas temperaturas diúrnas. Os valores máis elevados espéranse durante as tardes do xoves e o venres. O sábado aínda será un día caloroso, pero probablemente con nubes e algunhas tormentas no interior que farán descender lixeiramente as temperaturas e estes valores tenderían xa a normalizarse o domingo.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións, transmitindo e informando a cidadanía que participe en eventos, do tipo que sexa, das medidas de autoprotección que deben adoptar.

SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es